

A nosa ref: 10 ADL

Asunto: Modificación das Bases Regulatoras do Rasca e Gaña no Nadal

Expediente:2021/G003/002504; 2021/G003/001842

## RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO

Tendo en conta que o día 1 de decembro de 2021, por Resolución número 2149/2021, aprobei a bases da subcampaña do Rasca e Gaña no Nadal 2021-2022 dentro da Campaña de dinamización Comercial do Nadal do Concello de Cambre.

Visto que non se está acadando o obxectivo de promoción do consumo no referente aos bonos de 5,00; 10,00 e 20,00 euros, destinados a ser utilizados no mesmo establecemento onde se xeraron.

Tendo en conta o informe proposta da axente de emprego e desenvolvemento local, co visto e prace da responsable da Axencia de Desenvolvemento Local, de 30 de decembro de 2021.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019, do 1 de xullo, **RESOLVO:**

Primeiro: Modificar os puntos 18, 21, 22 e 26 das Bases do Rasca e Gaña no Nadal, da Campaña de Dinamización Comercial do Nadal 2021-2022 que quedarán redactadas ao teor literal seguinte:

18. Os bonos poderán ter algunha das seguintes promocións ou recompensas asociadas:

Número de bonos	Promoción ou recompensas asociadas
3	250,00 € por cada bono para compras en calquera dos establecementos participantes na Campaña
25	100,00 € por cada bono para compras en calquera dos establecementos participantes na Campaña
35	50,00 € por cada bono para compras en calquera dos establecementos participantes na Campaña
120	20,00 € por cada bono para compras no mesmo establecemento onde se orixinou
145	10,00 € por cada bono para compras no mesmo establecemento onde se orixinou
345	5,00 € por cada bono para compras no mesmo establecemento onde se orixinou
5	Lotes especiais de produtos do Nadal cun valor estimado no mercado de 125,00 € cada un deles
140	Lotes de produtos do Nadal cun valor estimado no mercado de 65,00 € cada un deles
10	Lotes de produtos do Nadal cun valor estimado no mercado de 65,00 € cada un deles para as Feiras e outras actuacións da Campaña
Variable	Mensaxe " <b>Bo Nadal. Grazas por seguir apoiándonos</b> " ou outra de contido análogo

...

### Operativa dos Bonos Dixitais

...

21.6 Os bonos para canxear por compras de 5,00 €, 10,00 € e 20,00 € poderán utilizarse nunha nova compra en calquera dos establecementos participantes na Campaña, excepción feita dos establecementos de

hostalería. No caso de utilizarse nunha nova compra noutro establecemento, a súa validación posterior realizarase identificando ao cliente/a dende a APP do establecemento (escaneo do bono dixital do cliente). Os bonos que o cliente teña activos na súa APP e podan empregarse no establecemento, canxearanse nese momento, e o establecemento introducirá entón o importe da venta e escaneará (fotografiará) desde a súa APP o tique ou a factura simplificada da mesma, que quedará asociado ao canxe do premio.

...

### **Operativa dos bonos físicos**

26.6 Os bonos para canxear por compras de 5,00 €, 10,00 € e 20,00 € poderán utilizarse nunha nova compra en calquera dos establecementos participantes na Campaña, excepción feita dos establecementos de hostalería. No caso de utilizarse nunha nova compra noutro establecemento, a súa validación posterior realizarase identificando ao cliente/a dende a APP do establecemento (escaneo do bono físico premiado ou do código QR da APP do cliente). Os bonos que o cliente teña activos e podan empregarse no establecemento canxearanse nese momento e o establecemento introducirá entón o importe da venta e escaneará (fotografiará) desde a súa APP o tique ou a factura simplificada da mesma, que quedará asociado ao canxe do premio.

...

### **Procedemento a seguir cos bonos premiados de 5,00 €, 10,00 € e 20,00 €:**

26.1 Os bonos dixitais ou físicos que conteñan premios para canxear por compras de 5,00 €, 10,00 € e 20,00 €, deberán utilizarse nunha nova compra EN CALQUERA DOS ESTABLECEMENTOS PARTICIPANTES NA CAMPAÑA, antes das 24:00 horas do 31 de xaneiro de 2022.

Segundo: publicar as presentes modificacións das bases na páxina web do Concello de Cambre e na aplicación adherida á Campaña.

Terceiro: dar traslado aos servizos económicos municipais para os efectos oportunos.

O concelleiro delegado

Diego Alcantarilla Rei

Dou fe

A secretaria accidental

Verónica María Otero López